

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2023/G005/000050.

Excma. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **Ordinaria** da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércres**, día **22 de novembro de 2023, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS

LICENZAS URBANÍSTICAS

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA IMPLANTACIÓN DUN USO RESIDENCIAL NUNHA EDIFICACIÓN EXISTENTE E A SÚA AMPLIACIÓN, ASÍ COMO A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO ANEXO EN RISCO, PARROQUIA DE TEIXEIRO (Exp. 2021/Y001/000164).
2. LICENZA URBANÍSTICA PARA LEGALIZACIÓN DE OBRAS DE REFORMA E CAMBIO DE USO EN EDIFICACIÓN EXISTENTE DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA CON LICENZAS NÚMEROS 250/79 E 119/80 NA ESTRADA DA CORUÑA, NÚMEROS 60-62 (Exp. 2021/Y001/000224) (2023/G004/000992).
3. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DE DÚAS EDIFICACIÓNS TIPO CASETA PREFABRICADA PARA CONTER CENTRO DE TRANSFORMACIÓN E ALMACENAMENTO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN PARAXE CANCELLOS, PENARRUBIA (Exp. 2023/Y001/000265).
4. LICENZA URBANÍSTICA PARA MODIFICACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE INSTALACIÓNS NA CONSTRUCCIÓN DE RESIDENCIA DE PERSOAS MAIORES, SEN VARIAR AS CONDICIÓN URBANÍSTICAS, COMO MODIFICACIÓN DO PROXECTO CON LICENZA URBANÍSTICA, OUTORGADA CON REFERENCIA 2020/Y001/000289, NA RÚA SERRA GAÑIDOIRA (Exp. 2023/Y001/000140).

Firmado por: ***947*** - LARA MENDEZ LOPEZ (FECHA: 2023-11-21 12:10:38.00)

CVD: /euvms002/vevrjnQ7

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Nº de decreto: 10365/2023

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac6038754865833082391.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-11-2023

PLANEAMENTO

5. SOLICITUDE DE DESISTENCIA FORMULADA POLA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO NÚMERO 2 DO SECTOR II DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SUNP IN-G (UZPI-2.I) EN RELACIÓN COS PROXECTOS DE COMPENSACIÓN E DE URBANIZACIÓN POR ELA PRESENTADOS NESTE CONCELLO.

6. RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO CONTRA OS ACORDOS DA ASEMBLEA XERAL DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO Nº 2 DO SECTOR II DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SUNP IN-G (UZPI-2.I) CELEBRADA O 25-05-2023.

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

7. CONTRATACIÓN DA OBRA ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO FIRME DA ESTRADA MUNICIPAL QUE COMUNICA OS NÚCLEOS RURAIS DE PORTANOVA, FONTEMAIOR E AIREXE (SANTA MARÍA DE COESES), OBRA INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN. EXP. REF. 2023/C002/000008. ADXUDICACIÓN.

FACENDA LOCAL

8. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA PARA A REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR PAREADA EXISTENTE NA RÚA FARALLÓNS, NÚMEROS 3-5.

9. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA PARA A CONSTRUCCIÓN DUN ALMACÉN PARA GARDA DE APEIROS AGRÍCOLAS E ALMACÉN DE FROITA, ASÍ COMO SERVIZO PARA UNHA PLANTACIÓN DE ARANDOS NA RAÑA, SANTIAGO DE SAA.

10. RECURSO DE REPOSICIÓN ALEGANDO ERRO NA VALORACIÓN DO EXPEDIENTE 2021/Y001/000136.

PERSOAL

11. CONVOCATORIA DE CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABALLO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO DE ADMINISTRATIVOS/AS.

12. RECTIFICACIÓN DO ERRO DETECTADO NO ACORDO 10/754 RELATIVO ÁS BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDADE DUNHA PRAZA DE OPERARIO/A (GRUPO AP-AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS) DE CEMITERIO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2020).

FOMENTO

13. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO, ASOCIACIÓN DE VECIÑOS, COMERCIANTES E INDUSTRIAIS DISTRITO DA MILAGROSA PARA A CELEBRACIÓN DA GALA DEPORTISTAS DA MILAGROSA 2023.

ÁREA DE GOERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA

DEPORTES

14. INICIACIÓN E ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO POLO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA MEDIANTE CONVENIO A FAVOR DE "ENSINO C.B."

15. INICIACIÓN E ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO POLO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA MEDIANTE CONVENIO A FAVOR DE "CLUB EMEVÉ".

16. INICIACIÓN E ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIÓN PREVISTA

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac6038754865833082391.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-11-2023

NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO POLO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA MEDIANTE CONVENIO A FAVOR DE CLUB FLUVIAL.

17. INICIACIÓN E ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO POLO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA MEDIANTE CONVENIO A FAVOR DE CLUB PORTAMIÑÁ.

18. INICIACIÓN E ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO POLO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA MEDIANTE CONVENIO A FAVOR DE CLUB TRIATLON CIDADE DE LUGO.

19. INICIACIÓN E ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO POLO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA MEDIANTE CONVENIO A FAVOR DE CLUB ESTUDIANTES.

20. INICIACIÓN E ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO POLO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA MEDIANTE CONVENIO A FAVOR DE "ESCUDERÍA MIÑO".

DESENVOLVEMENTO LOCAL

21. APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA BASE OITAVA, DAS BASES DE SELECCIÓN DO PERSOAL DOCENTE DA ESPECIALIDADE DE OPERACIÓNS DE GRAVACIÓN TRATAMENTO DE DATOS E DOCUMENTOS; NIVEL 1, - OBRADOIRO DE EMPREGO ARQUIVALUGO.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

MERCADOS

22. REVOGACIÓN DE AUTORIZACIÓNS DE VENDA NO MERCADO DE FRIGSA.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,